



NORMAS FUNCIONAMENTO E INSCRICIÓN ACTIVIDADES BUEU SAUDABLE 2017-2018

As actividades do programa Bueu Saudable 2017-2018 inclúe sesións de Ximnasia para adultos, prenatal, matroximnasia, ximnasia para persoas discapacitadas, ximnasia para persoas con mobilidade reducida (parkinson) e psicomotricidade dirixido a persoas adultas. As clases teñen unha duración distinta segundo as distintas modalidades coa existencia de varios grupos en distintas franxas horarias e varios lugares. Ximnasia para adultos 3 horas semanais, ximnasia para persoas con discapacidade e mobilidade reducida 2 horas semanais; e prenatal, matroximnasia e psicomotricidade 1 hora semanal. Prevese que, tendo en conta tódolos grupos e horas, desenvolveranse luns, martes, mércores, xoves e venres, dende o 2 de outubro de 2017 ao 29 de xuño de 2018 (8 meses) no Pavillón Municipal Pablo Herbelo, Pavillón de Beluso, no IES Illa de Ons, CEIP A pedra, Casa Cultural de Meiro, CEIP Torre Cela e o Centro Social.

- A inscrición contará dun primeiro prazo que se estende do 22 de maio ao 9 de xuño de 2017 destinado a aqueles usuarios xa inscritos que acudan ás clases con regularidade. Estes usuarios deberán entregar a folia de prescrición cuberta na oficina de deportes situada na rúa Eduardo Vicenti nº 2, 1º andar.
- A inscrición contará dun segundo prazo que se estende do 1 ó 15 de setembro de 2017 para aqueles usuarios que non se encontren na situación descrita no punto anterior; este prazo queda suxeito á dispoñibilidade de prazas vacantes do primeiro prazo. Os usuarios poderán recoller a folia de inscrición na oficina de deportes e entregala no Rexistro Xeral do Concello.
- Unha vez cubertas todas as prazas procederase á creación dunha listaxe de espera segundo a orde de chegada das inscricións. Só se poderán dar de alta persoas en aqueles grupos nos cales se produzan baixas definitivas ou suspensións temporais por enfermidade. Para intentar obstaculizar o menos posible o desenvolvemento das clases, as novas altas incorporaranse a principio de mes.
- Os criterios de admisión serán os seguintes:
 - Ter asistido ás clases en anos anteriores e estar empadroad/a no concello de Bueu
 - Ter asistido ás clases en anos anteriores e NON estar empadroad no concello de Bueu
 - Non ter asistido nunca ás clases en anos anteriores e estar empadroad/a no concello de Bueu
 - Non ter asistido nunca ás clases en anos anteriores e NON estar empadroad no concello de Bueu
- A actividade comezará o 2 de outubro de 2017 e rematará o 29 de xuño de 2018
- O alumnado poderá inscribirse nun dos distintos grupos que se ofertan cunha determinada franxa horaria e lugar de realización das sesións.



- En total ofértanse 414 prazas distribuídas do seguinte xeito:

ACTIVIDADE	HORA	LUGAR	DÍAS
Ximnasia adultos	9:00	Centro Social	Luns, Mércores e Venres
Ximnasia adultos	10:00	Centro Social	Luns, Mércores e Venres
Ximnasia adultos	11:00	Centro Social	Luns, Mércores e Venres
Ximnasia adultos	12:00	Centro Social	Luns, Mércores e Venres
Ximnasia adultos	9:00 e 12:00	Centro Social	Luns (12:00), Martes e Xoves (9:00)
Ximnasia adultos	10:00 e 12:00	Centro Social	Martes e Xoves (10:00) Venres (12:00)
Ximnasia adultos	9:00	Pavillón Municipal	Luns, Mércores e Xoves
Ximnasia adultos	9:00 e 11:30	Pavillón Beluso	Luns, (11:30) Martes e Venres (9:00)
Ximnasia adultos	10:00 e 11:30	Pavillón Beluso	Martes e Venres (10:00) Mércores (11:30)
Ximnasia adultos	17:00 e 18:00	CEIP Torre Cela	Luns e Xoves (17:00) Martes (18:00)
Ximnasia adultos	10:00	Pavillón Municipal	Luns, Mércores e Xoves
Ximnasia adultos	11:00 e 11:30	Pavillón Beluso	Martes e Venres (11:00) Xoves (11:30)
Ximnasia adultos	19:00	CEIP A Pedra	Luns, Martes e Xoves
Ximnasia adultos	20:00	CEIP A Pedra	Luns, Martes e Xoves
Ximnasia adultos	18:00 e 19:00	CEIP Torre Cela	Luns e Xoves (18:00) Martes (19:00)
Ximnasia adultos	17:30	Casa Cultural Meiro	Mércores e Venres
Ximnasia adultos	18:30	Casa Cultural Meiro	Mércores e Venres
Ximnasia adultos	19:30	Casa Cultural Meiro	Mércores e Venres



- As prazas destinadas as demais actividades (prenatal, matroximnasia, ximnasia para persoas con discapacidade e persoas con mobilidade reducida, e Psicomotricidade) serán xestionadas polas distintas asociacións colaboradoras.
- Debido á demanda de prazas poderase dar de baixa na actividades ós usuarios nos seguintes casos:
 - ENFERMIDADE: Só se admite a reserva de praza en caso de enfermidade (con xustificante médico) que non superen o mes e medio.
 - FALTAS INJUSTIFICADAS: Cando o número de faltas injustificadas supere o número de 4 nun mes será motivo de baixa automática na actividade.
 - POR PRESCRICIÓN MÉDICA: poderán ser dados de baixa aqueles usuarios que por problemas de saúde se lles sexa contraindicada a realización da actividade.
 - POR RENUNCIA VOLUNTARIA cumprimentando obrigatoriamente o impreso de baixa dispoñible na oficina de deportes e páxina web do concello de Bueu; e entregalo no Rexistro Xeral do Concello.
- Calquera reclamación, anomalía que detecte o usuario, ou suxestión que crea oportuna debe de presentarse por escrito cubrindo o modelo oficial dispoñible na oficina de deportes ou páxina web do concello.
- En caso de anulación ou suspensións das clases o usuario será avisado a través do teléfono de contacto presentado na folia de inscrición.
- Os datos persoais será de uso exclusivo da concellería de deportes, así como o dereito de imaxe. Podendo acceder en todo momento as persoas inscritas ós seus datos persoais para modificalos ou revocar de dereito se así o desexa.
- Será obrigatorio o uso de calzado distinto ó da rúa.
- Os horarios poden sufrir modificacións durante o curso dependendo das circunstancias (instalacións, inscricións...).
- O feito de inscribirse na actividade supón a aceptación das súas normas. Estas normas poden modificarse durante o curso para a mellora do seu desenvolvemento.